

## COMISIÓN DE PERSOAL

Santiago de Compostela 23/01/24

Hoxe tivo lugar a Comisión de Persoal na que se procedeu á votación sobre as seguintes bases de acceso da Promoción Interna separada

- Sistemas e Tecnoloxía da Información
- Escala de xestión de Sistemas de informática (A2)
- Escala Superior de Finanzas
- Inspectores/as de Consumo
- Enxeñería Agronómica
- Enxeñería Industrial
- Enxeñería de Minas
- Enxeñería de Montes
- Enxeñería Técnica Agrícola
- Enxeñería Técnica de Obras
- Enxeñería Técnica Forestal

**VOTOS:** en contra UGT, CCOO, CIG e CSIF.

### Sentido do voto de UGT:

Ao respecto da **Promoción Interna** a nosa proposta implica a participación da EGAP coa oferta ás persoas participantes nos procesos de promoción dun **curso formativo** coa súa correspondente avaliación final (apto/a ou non apto/a). Asumindo a dificultade, fundamentalmente en termos de carácter temporal e de estrutura por parte da EGAP, propoñemos a reactivación da **plataforma formativa** da EGAP coa finalidade de servir de ferramenta de preparación das probas, que en todo caso deberían seguir o **modelo** xa verificado de forma satisfactoria nos procesos de **funcionarización**, é dicir con baterías de preguntas.

De xeito concreto, **UGT** fixo referencia na Comisión á ausencia do temario da na escala de Inspectores/as de Consumo, solicitando a remisión con carácter de urxencia o contido do mesmo.

### ROGOS E PREGUNTAS:

Información facilitada pola Dirección Xeral:

- Mañá, mércores 24 publicase o procedemento de acreditación dos méritos no marco da Lei 20/2021 para os subgrupos A1 e A2. Solicitan que non presenten méritos aquelas persoas que non teñan o prazo aberto do seu procedemento, posto que saturan e non actualizan o seu expediente.
- Habilitáronse as entradas de titulación e outros méritos no FIDES.
- Faise necesario ao marxe da información vía telefónica resolta a través do persoal da Dirección Xeral da Función Pública informar da existencia na [plataforma Fides dun arquivo de preguntas frecuentes](#) que podería axudar a resolver gran parte das dúbidas xurdidas ás persoas participantes nos procesos de estabilización.
- Infórmase que nos procesos selectivos anteriores á Lei 20/2021, en fase de execución (un total de 13), a acreditación dos méritos poderase realizar a través do FIDES.

UGT recorda que a esta Comisión de Persoal se presentaba a interpretación da natureza de días de asuntos particulares, dos días 24 e 31 de decembro, cando coinciden en sábado, e a súa aplicación a todo o persoal da AXXG, tal e como se anunciou na Comisión de persoal do pasado día 19 de xaneiro.

DXFP refire que remitirá antes de finalizar a semana dito redactado.

